

## **“COMPROMISO CON FENE”**

Por un Fene vivo! Un Fene con + calidade de vida!

### **PROGRAMA ELECTORAL DO PSdeG-PSOE DE FENE 2023/2027**

#### **1. COMPROMISO COAS PERSOAS**

Conseguir altas cotas de calidade de vida dos veciños e veciñas será sempre o noso compromiso. Buscaremos sempre o benestar dos veciños e veciñas, miraremos tanto para a zona rural como para a zona urbana.

##### **a. Os Nenos e Nenas terán a nosa máxima prioridade.**

1. Manter en bo uso os parques de xogos existentes dotándoos tamén de elementos para os nenos e nenas con diversidade funcional.
2. Crear máis parques de xogos:
  - a. Un amplo parque infantil cuberto.
  - b. Un parque infantil e de calistenia en Perlío (os parques de calistenia contan con gran cantidade de elementos e son aptos para realizar toda clase de exercicios sen importar a idade nin o estado de forma).
  - c. Un parque “Parkour” (o parkour é un deporte no que se superan obstáculos utilizando unicamente a propia forza física para completar un percorrido).

##### **b. Xuventude: comprometidos coa participación da xuventude**

1. Remodelar o parque do Paiaso.
2. Dar un uso definitivo da Casa de Cela como punto de encontro. Centro cívico.
3. Instaurar obradoiros para o coidado da saúde mental para mozos e mozas.
4. Crear un Foro de Participación de Mozos e Mozas de Fene (para que sinalen os seus gustos e desexos en cultura e deporte en Fene, programa que tamén estenderemos a outros ámbitos segundo haxa demanda).

##### **c. Maiores**

1. Crear unha ventá única para os maiores: atención preferente e apoio nas xestións administrativas no concello. Un/unha traballador os guiará e apoiará.
2. Estudar a posibilidade da apertura do concello un día á semana pola tarde para facilitar trámites a aquelas persoas que teñen moi dificultoso realizarlos en horario habitual de mañá.
3. Establecer periodicamente cursos de acceso ás novas tecnoloxías. Dixitalización
4. Impulsar e crear un Consello Cívico de Maiores. Creación dunha mesa de opinión e aportación de ideas para o Concello de persoas maiores.
5. Crear diversos talleres para os nosos maiores na liña que propón a OMS de traballar por un envellecemento activo.
6. Establecer un convenio de colaboración cos Centros de Día e Residencias de Maiores privadas do noso concello para que atendan as posibles urxencias propostas desde os servizos sociais do concello.
7. Demandar á Consellería de Política Social a construción en Fene dun Centro de Día para persoas maiores con dependencia o en grave risco de padecela.
8. Demandar á Consellería de Política Social a creación dun Fogar Residencial para atender ás persoas maiores que xa non poden vivir soas por presentar dependencia leve ou moderada que llelo impide.
9. Demandar a creación dunha Residencia de Maiores.

#### **d. Familias**

1. Impulsar os comedores escolares e a figura dos madrugadores: potenciaremos o uso dos comedores que xa están funcionando incrementándolles as subvencións e facilitaremos a creación de novos comedores naqueles centros educativos onde non os haxa na actualidade.
2. Poñer en marcha unha “Redución Gradual da Presión Fiscal” do concello ao longo dos 4 anos de goberno consistente en :
  - a. Redución do IBI pasando do 0,60 ao 0,58 para entrar en vigor no exercicio 2024 e redución do 0,58 ao 0,56 para o exercicio 2026.
  - b. Bonificación de entre o 50 % e ata o 90 % da cota íntegra do imposto do IBI, na residencia

habitual, para as familias titulares da condición de familia numerosa segundo o número de membros da unidade familiar e a capacidade económica. Bonificación non compatible coa do apartado seguinte (c).

- c. Bonificación durante 10 anos do 50 % da cota íntegra do imposto do IBI na residencia habitual onde se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. As instalacións terán que incluír colectores coa correspondente homologación da administración competente. Bonificación non compatible coa do apartado anterior (b).
- d. Bonificación do 95 % para as herdanzas no imposto de PLUSVALÍA (Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana). Bonificación sen letra pequena que moitas veces fai imposible que se beneficien os herdeiros.

## **2. COMPROMISO CO DESENVOLVEMENTO DE FENE**

### **a. Seguridade**

1. Establecer un Plan de Seguridade Viaria de Fene.
2. Previr a seguridade viaria favorecendo o incremento do uso do Parque de educación viaria de Barallobre por parte dos escolares de Fene.
3. Desenvolver talleres de educación viaria nos centros escolares por parte da policía local en coordinación co profesorado.
4. Estudar e limitar se é preciso os límites de velocidade nas vías urbanas con máis densidade de tráfico.
5. Estudar a necesidade de establecer vixilancia da policía local nunha quenda de noite.

### **b. Urbanismo e “infraestruturas”**

1. Revisar o PXOM e eliminación da totalidade ou maioría das denominadas APE (Área de Planeamento Específico) que frean o desenvolvemento urbanístico de Fene e polo tanto o incremento de poboación e dificultan o sostemento do comercio e pequena industria.
2. Crear un paseo fluvial ao longo do río Cádavo cunha gran zoa de recreo.

3. Dar solución definitiva ás inundacións do río Cádavo na zoa de Perlío (rúas San Salvador, Río Cádavo, as do entorno do parque Rosalía, ...).
4. Continuar coa extensión da rede de auga potable e de saneamento polas diferentes parroquias do concello.
5. Demoler a pasarela peonil da zona da estación de Perlío que comunica a rúa Hortelá coa rúa Antonia Montero e construír un paso soterrado (para isto é preciso recuperar o Convenio de colaboración asinado no 2010 entre o concello de Fene e o Ministerio de Fomento, que a través de ADIF realizaría o proxecto e levaría adiante a construción).
6. Facer un Fene accesible, para todas as persoas e en especial para as persoas con mobilidade reducida, coa eliminación das barreiras arquitectónicas existentes.
7. Promocionar a instalación de empresas no chan industrial-comercial do Polígono Vilar do Colo.
8. Ampliar o parque biosaudábel do paseo marítimo de San Valentín.
9. Solicitar vivenda pública á Xunta. Demandaremos a construción de novas promocións de vivenda pública á Xunta de Galicia.
10. Demandar o uso inmediato das vivendas que haxa en Fene dentro da carteira da SAREB (Banco Malo).
11. Solicitar a construción de vivenda pública en aluguer.
12. Reservar prazas con límite de tempo na Avda. do Concello para as persoas que teñen que realizar xestións no concello. Todo isto con medidas de humanización da zona.
13. Crear aparcadoiros disuasorios nas estradas que dan acceso ao concello: para o acceso desde Neda se creará un aparcadoiro en Conces, no acceso desde Ares se creará un aparcadoiro en fronte de “Establecementos Aguilar” e/ou pola zona de “Carbuos Metálicos”, no acceso desde a estrada nacional 651 se creará un aparcadoiro logo do cruce de estradas do xulgado de Fene.
14. Crear máis prazas de aparcamento na Avda de Tarrío nas zonas próximas aos centros educativos: CEIP Plurilingüe de Centieiras e Colexio Plurilingüe Jorge Juan Perlío.

15. Dotar de aparcadoiros nas inmediacións dos cemiterios parroquiais naquelas parroquias do concello que o precisen.
16. Habilitar zonas de aparcadoiro por tempo limitado na Avda. Marqués de Figueroa en horario comercial para facilitar a rotación e favorecer a actividade comercial.
17. Habilitar prazas de aparcadoiro por tempo limitado e durante o horario comercial diante dos establecementos de Farmacia para facilitar ás persoas con mobilidade reducida o acceso.
18. Demandar do ente “Estradas do Estado” medidas que melloren a seguridade viaria para os peóns na zona das Pías á altura da igrexa de Perlío. Zona con moito transito de peóns.
19. Demandar da Xunta de Galicia medidas que melloren a seguridade viaria para os peóns na rúa Conces e sobre todo á altura da Casa da Cultura do Concello.
20. Dar os pasos axeitados para conseguir a rexeneración da praia da parroquia de San Valentín.
21. Continuar coa extensión e substitución da rede de alumeadado público. Utilizando as tecnoloxías máis eficientes e con máis aforro enerxético.
22. Dotar de beirarrúas dende Maniños, na zona da Armada ata conectar coa beirarrúa das inmediacións da Igrexa de Limodre.
23. Construír unha senda peonil desde o final da beirarrúa que leva ao IES Fene ata o Cemiterio Municipal en Barallobre.

### **c. Obras e Servizos**

1. Mellorar os accesos, o aparcadoiro e as instalacións do campo de fútbol Municipal Os Pinares de Perlío.
2. Repoñer a beirarrúa que descorre diante do parque e do local da entidade CCRD Perlío, reconstruír a rúa da Patria Galega en Barallobre, ...
3. Renovar e aumentar a rede de contedores de residuos. Implantar progresivamente contedores que sexan accesibles e de fácil apertura para todas as persoas con fixacións que eviten que se movan os días de moito vento e poidan provocar accidentes.

4. Restaurar e manter os locais municipais destinados para ensaios musicais e outros usos, situados nas inmediacións do colexio “Jorge Juan de Perlió”.
5. Mellora e mantemento dos letreiros da sinalización en todo o concello.
6. Remodelar o edificio da Casa da Cultura, en especial a Biblioteca á que dotaremos dun sistema de calefacción eficiente evitando a entrada de frío e humidade.
7. Dotar dun teito á beirarrúa da Casa da Cultura no lugar da entrada ás instalacións do ximnasio para protección das familias diante das inclemencias meteorolóxicas.
8. Rehabilitar os vestiarios e ximnasio das instalacións da Casa da Cultura.
9. Mellorar todos os pasos de peóns con sinalización e con iluminación diúrna e nocturna.
10. Mellorar a iluminación en todos aqueles lugares do Concello que o precisen e en especial naquelas zonas que sexan moi perigosas para os peóns coma por exemplo a estrada desde o IES Fene ata o Cemiterio Municipal (Barallobre).
11. Mellorar e repoñer da sinalización do Camiño de Santiago.
12. Dotar de fontes de auga potable naquelas zonas de maior tránsito de persoas.
13. Establecer un Plan Anual de Revisión e Limpeza de sendeiros e fincas.
14. Crear un Plan de Mantemento programado da limpeza do río Cádavo evitando así unha das causas do desbordamento do mesmo.

#### **d. Turismo #orgullodeFene**

1. Crear un Plan para potenciar a fervenza do río Beelle como atracción turística.
2. Acordar co Concello de Mugardos para realizar unha ruta de sendeirismo/ciclismo entre a praia de Barallobre e o peirao de Mugardos.
3. Promover e difundir rutas turísticas temáticas con opcións en todas as parroquias.
4. Crear unha ruta peonil que una as praias de Limodre: río Xandeo, río Castro, Almieiras e Coído.

5. Utilizar os eventos deportivos que se realizan en Fene para dar a coñecer o noso concello aos visitantes.
6. Potenciar o Camiño Inglés (Camiño de Santiago de Compostela) ao seu paso por Fene. Sinalización, adecuación e mantemento do Camiño Inglés e de todas aquelas outras rutas de sendeirismo do concello, incorporando códigos QR que dean información sobre elas.
7. Repoñer toda a sinalización de inicio e fin de cada parroquia que están en mal estado co paso dos anos e que nunca substituída (algunhas xa non teñen o nome, están oxidadas, e por tanto non informan de nada para o visitante, e incluso transmiten a todas as persoas unha imaxe dun concello instaurado na desidia).

### **3. COMPROMISO CO XEITO DE MEDRAR DE FENE:**

#### **a. Economía e emprego**

1. Defender que o diñeiro dos impostos de Fene se quede en Fene: desde o concello se primará preferentemente mercar nos comercios de Fene os materiais que se precisen para o día ao día. E cando se realicen obras que contrate directamente o concello preferentemente se lle pedirán presupostos ás empresas e autónomos de Fene.
2. Favorecer que as subvencións que concede o Concello teñan que ser empregadas en comercios, servicios e/ou profesionais do propio concello. Propiciaremos así o defendido no punto primeiro deste apartado, “o diñeiro dos impostos de Fene se debe intentar que quede en Fene”.
3. Favorecer os encontros empresariais en Fene e crearemos un directorio de empresas do Concello de Fene ao que daremos a máxima difusión posible con continuidade no tempo, e facendo especial fincapé nas excelencias do polígono de Vilar do Colo.
4. Plan Fene Emprende: cun programa para potenciar o apoio que se dá aos emprendedores do Concello, e Plan Fene Fácil: facilitando a creación de empresas e os trámites das existentes e dotando das ferramentas necesarias ao axente de desenvolvemento local para que asesore con rigor.

5. Demandar da administración autonómica un servizo de autobuses ao polígono industrial de Vilar do Colo.
6. Deseñar un Plan de Difusión das excelencias do Polígono Vilar do Colo para atraer máis empresas.
7. Potenciar as Escolas Taller e os obradoiros de emprego, e a formación ocupacional (fontanería, electricidade, carpintería, obtención do permiso de conducir profesional con convenios coas autoescolas de conducir de Fene, ...).
8. Dotar unha partida orzamentaria anual para contratar a un grupo de persoas desempregadas do concello por períodos de 6 meses. Terán preferencia as persoas máis vulnerables.
9. Aumentar a dotación de persoal da biblioteca municipal coa incorporación dun auxiliar.
10. Intervir diante das administracións e empresas de telefonía para que se ampliar e mellore a rede de Internet de alta velocidade nas parroquias.
11. Crear dun centro COWORKING.
12. Crear unha Feira do Talento. Promover a organización dunha feira de emprego.

#### **b. Benestar social**

1. Favorecer a conciliación familiar creando para os nenos e nenas diferentes talleres e campamentos a desenvolver nos períodos de Nadal, Entroido, Semana Santa e Verán.
2. Promover entre os nosos maiores a creación dun censo daqueles que viven sos para saber das súas necesidades e poder darlles axuda cando o precisen.
3. Para os nosos maiores poñeremos en marcha talleres de prevención do deterioro cognitivo, talleres para o mantemento da saúde corporal e talleres de mantemento das habilidades e destrezas manipulativas.
4. Incrementar a partida orzamentaria destinada a axudas para as persoas con necesidades económicas. Deste xeito se poderán ver beneficiadas máis familias con risco de exclusión social.
5. Impulsar protocolos de actuación para que as Axudas de Emerxencia Social cheguen aos solicitantes no menor tempo posible.



6. Desenvolver actuacións para a integración efectiva das persoas con diversidade funcional.
7. Demandar á Xunta de Galicia que incremente o número das horas asignadas a Fene para a financiación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e así dar unha atención digna ás persoas en situación de dependencia recoñecida.

#### **4. Compromiso sociocultural, educativo e deportivo**

##### **a. Cultura**

1. Potenciar do Fene Rock e do Felipop para alcanzar unha gran difusión por toda Galicia e xerar un efecto chamada de asistencia. Incremento orzamentario da subvención nominativa a estes dous eventos.
2. Incrementar a dotación económica do premio de poesía Pérez Parallé para poder poñelo no cumio dos certames de poesía a nivel nacional. O obxectivo é conseguir que Fene estea nos faladoiros culturais galegos e de España.
3. Acordar cos Concellos de Ferrol e Narón para facilitar a asistencia a espectáculos de música, teatro ou variedades
4. Ofrecer a Casa da Cultura ao Conservatorio Xan de Viaño para espectáculos dos seus alumnos, así como ás Escolas de Música do Concello de Fene.
5. Apoiar aos grupos de música locais con actuacións por todas as parroquias de Fene.
6. Apoiar e dinamizar as entidades sociais, culturais, recreativas e deportivas. Establecemento de convenios de colaboración que permitan un incremento considerable das subvencións xa que entendemos que estas entidades son as dinamizadoras das parroquias no seus diferentes ámbitos de actuación.
7. Descentralizar a programación cultural do concello polas diferentes entidades socioculturais das parroquias.
8. Crear un Consello Consultivo da Cultura en Fene do que será membro un representante de cada unha das entidades culturais e veciñais existentes no Concello.
9. Crear programas para o fomento de grupos de teatro nos centros escolares do concello contando coa colaboración do profesorado e das ANPAS.

10. Crear a Semana Audiovisual de Fene. Difusión de proxectos audiovisuais realizados polos veciños e veciñas de Fene.
11. Promover eventos infantís nos que poidan participar todos os membros da familia (fóra das datas de Nadal, Entroido e Semana Santa).
12. Crear un centro cultural de exposicións no antigo muíño (o que fóra tamén o Pub Druída xa en desuso hai moitos anos).
13. Dinamizar os locais existentes para ensaio musical e outros usos no concello.
14. Museo ASTANO. Habilitar unha sala na Casa da Cultura como centro de exposición permanente da memoria dos traballadores e traballadoras de Fene na antiga ASTANO.
15. Crear “Fene Ciencia”. Actos de difusión da actividade científica en colaboración cos centros de ensino de Fene.
16. Crear un Plan de Dinamización da Biblioteca Pública Municipal. Fomento da lectura.
17. Crear distintos puntos ou espazos de fomento da lectura en lugares públicos: centro de saúde e na contorna dos centros educativos, ...
18. Cultura Viva. Programa de apoio ás iniciativas culturais das entidades sociais de Fene. Creación e difusión dunha rede cultural.
19. Proxectos artísticos. Plan de apoio ás iniciativas artísticas locais.
20. Contratar a realización dun estudo sobre o estado en que se atopa o Patrimonio Cultural de Fene.

## **b. Educación**

1. Establecer canles de participación co profesorado dos centros escolares e favorecer o incremento da calidade educativa ofertando ao centros escolares talleres educativos en horario lectivo que melloren as capacidades e destrezas do alumnado.
2. Establecer un diálogo fluído coas ANPAS dos diferentes centros educativos que nos leven a formular un convenio de colaboración que permita dotalas de subvencións económicas para o desenvolvemento de distintas actividades encamiñadas ao alumnado e aos pais e nais.

3. Crear talleres para Nenos e Nenas con Necesidades de Apoio Educativo. Talleres que serán impartidos preferentemente por empresas ou autónomos profesionais de Fene ou que teñan o seu enderezo social en Fene.
4. Crear unha liña de subvencións para aquelas familias que tendo nenos e/ou nenas con diversidade funcional non teñan talleres ofrecidos polo Concello para atender as súas necesidades e polo tanto teñan que asistir a profesionais (serán preferentes os profesionais que realizan a súa actividade en Fene).

### **c. Deporte**

1. Estudiar a creación de novas rutas de sendeirismo no concello e mantemento das existentes.
2. Incluír na rede de instalacións deportivas do concello á pista cuberta do CEIP Plurilingüe de Centieiras.
3. Ampliar as propostas de actividades deportivas tanto para nenos e nenas coma para adultos incluído á actividade deportiva do Tenis, así a poboación podería acceder a esta modalidade deportiva cun baixo custo económico coma no resto das actividades que están en vigor na actualidade.
4. Incluír os deportes acuáticos (piragüismo, vela, ...) dentro da oferta das actividades do Concello para todo o curso escolar.
5. Potenciar o desenvolvemento dos deportes minoritarios.
6. Escolas/Convenio co CCRD Perlío, coa Cultural Maniños S.D. e co CMI Unidade de Fene que faciliten melloras nas instalacións deportivas (iluminación, renovación do céspede, vestiarios, accesos, etc.) que propicien a afluencia de nenos e nenas e de xoves á práctica deportiva.
7. Instalar un punto de lavado de bicicletas.
8. Celebrar a semana dos xogos deportivos de Fene distribuídos por todas as parroquias.
9. Crear unha "Gala do Deporte", dándolle recoñecemento aos deportistas do concello, tanto xoves como maiores.

### **d. Igualdade**

1. En coordinación coas forzas de Seguridade organización de cursos de sensibilización sobre igualdade de xénero.
2. Fene das Mulleres. Promover os nomes de mulleres no rueiro e espazos públicos de Fene.
3. Crear talleres de empoderamento e autoestima. Creación dunha escola de empoderamento da muller.

**e. Medio Ambiente e Benestar animal**

1. Crear un Cemiterio de animais de compañía.
2. Continuar construíndo parques caninos onde estes se poidan exercitar e relacionar.
3. Incrementar as papeleiras na contorna dos parques caninos.
4. Desenvolver Programas de educación ambiental nos centros escolares e nas entidades sociais das diferentes parroquias.
5. Talleres de coidado do medio ambiente nos centros educativos no horario lectivo.
6. Crear unha Escola Municipal de Medio Ambiente (EMMA). Verdadeira impulsora do coidado do entorno. Escola cun consello director representativo dos tecido educativo, xuvenil, cultural, deportivo, asociativo e de maiores do noso concello.
7. Instalar puntos de recarga para vehículos eléctricos. Paradas de Taxis.
8. Coidar os montes: cando a solicitude de permiso para a tala dun monte o persoal do concello revisará o estado dos camiños e do monte antes e despois da tala. Tarefa de supervisión e control do estado en que quedaron polo tránsito de vehículos e maquinaria pesada esixindo, se fose o caso, a reposición ao seu estado orixinal.

**f. Responsabilidade Social, Cooperación, Participación e Transparencia**

1. Favorecer a accesibilidade e derribar barreiras de comunicación para persoas con TEA.
2. Facilitar a conciliación familiar con campamentos, programas e talleres para escolares nas vacacións: Semana Santa, verán, Nadal e Entroido.
3. Apoiar e propiciar a creación de Bancos de libros de texto nos centros educativos. Elaboración de

convenios coas ANPAS e centros educativos que favorezan a creación de bancos de libros de texto.

4. Abrir canles de participación cidadá. A través dun programa de radio aberto, de reunións nas entidades sociais e veciñais establecendo un Plan de Reunións Periódicas cos veciños e veciñas das distintas parroquias.
5. Dotar de paneis informativos electrónicos a todas as parroquias no punto de maior tránsito de persoas para telas informadas dos eventos e noticias do concello.
6. Estender e dar ampla difusión á rede de comunicación dos veciños e veciñas co concello a través da aplicación WhatsApp. Fomentaremos, apoiaremos e subvencionaremos a realización de cursos de formación entre os maiores para que se familiaricen co uso da aplicación. Estes cursos serán nas entidades socioculturais e/ou nas entidades veciñais das distintas parroquias.
7. Promover os Plenos participativos de escolares.
8. Crear o Pregón da Infancia. Promoveremos entre os escolares de Fene a redacción-concurso do pregón da infancia para o patrón do Concello.
9. Promover programas de cooperación e voluntariado.